

Hai palabras que se escoitan con certa frecuencia e que non son correctas en galego, neste grupo de palabras non se trata de interferencias doutras linguas senón intentos de buscarlle unha forma propia diferente da castelá, sen considerar que comparte co galego unha boa cantidade de léxico, ao seren as dúas linguas fillas do latín.

En galego diremos:

BRILLAR e **BRILLANTE** e non brilar e brillante. **GASOLINA** e non gasoliña.

OFICINA e non oficiña. **SEMANA** e non semá ou semán. **CIENCIA** e non cencia.

HORIZONTE e non hourizonte. **PRIMAVERA** e non primaveira.

SINCERO e **SINCERIDADE** e non sinceiro e sinceiridade. **URBANO** e non urbán.

SUFICIENTE e non suficinte. **AMBIENTE** e non ambiente. **CIENCIA** e non cencia.

Un caso particular é a palabra *carreteira*, palabra non correcta ao igual que *carretera*. A correcta é **ESTRADA**

Agora cómpre incorporar estas palabras correctamente ao noso vocabulario.

Sendo sincero, direiche que non ten ciencia isto de preparar espetadas. O resultado non é brillante, mais suficiente para gozar deste ambiente de primavera.



Si, pero dende que o coche quedou sen gasolina na estrada pasou unha semana e xa estou un pouco farto de comer sempre salchichas.